

benegá ao día

Número 38. Epoca 1ª / Xullo 2011

Día da Patria Galega 2011: Soberanía, Democracia e Traballo



A Asemblea Nacional será os días 22 e 23 de Outubro

Xa hai datas para a XIII Asemblea Nacional ordinaria do BNG. O Consello Nacional acordou, na súa reunión do pasado 2 de Xullo, que a Asemblea se realice os días 22 e 23 de Outubro. Farase de acordo coa fórmula de “1 delegado/a por cada 1 afiliado/a”. O máximo órgano do BNG entre Asembleas acordou tamén que, na súa reunión do 17 de Setembro, fiquen aprobado o procedemento e o calendario para a escolla do/a candidato/a da fronte á presidencia da Xunta de Galiza. O Consello Nacional deu luz verde asemade ao lema co que o BNG convoca o Día da Patria Galega 2011: “Estamos por Galiza, a favor do pobo. Soberanía, Democracia e Traballo”. “Velaí as chaves para deixarmos atrás a crise e avanzarmos como nación: o aprofundamento da Democracia, a conquista dun outro autogoberno e a remuda radical das políticas económicas implementadas até o de agora polos gobernos galego e do Estado”, afirmou ante a prensa o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez.



O espolio do aforro galego é xa un feito consumado e con responsábeis: os directivos, o PP e o PSOE

E Feijóo aplaudiu a desaparición da caixa

Consumouse a operación deseñada polas cúpulas estatais de PP e PSOE e, tal e como advertiu o BNG desde o principio, a caixa galega desaparece ao transformarse nun banco convencional. A grande banca e o FMI ven satisfeitos os seus obxectivos e o espolio do aforro galego é xa un feito consumado. A caixa só xestionará unha residualizada obra social -dotada con apenas 344 millóns de euros- e transferirá a unha ficha bancaria -ou sexa a un banco- nada máis e nada menos que 68.338 millóns de euros en activos. 344 millóns para a caixa, 68.338 millóns para o banco! A caixa desaparece, portanto, virtualmente.

NON ERA INEVITÁBEL

Era isto inevitábel? Aconteceu así en Euskadi e Catalunya? Pois non, non era inevitábel e non aconteceu así nin en Euskadi nin en Catalunya. Alí as forzas políticas propias do País actuaron para manteren o control do seu propio sistema financeiro. Certo é que La Caixa criou tamén un banco, mais a caixa catalá será o máximo accionista dese banco (co 80 por cento do accionariado). No caso galego, no mellor dos casos a caixa terá o 30 por cento do banco no que se irá transformar.

A operación ten un evidente cheiro

especulativo. O executivo que vai presidir o novo banco apenas vai captar capital por valor de 600 millóns de euros, sen que aínda estea clara a súa procedencia. Con tan magra achega controlará un negocio con 68.338 millóns de activos. Dito doutro xeito: todo un pelotazo. Un pelotazo con responsábeis: os directivos que levaron a caixa a esta situación, o PP e o PSOE. A responsabilidade

máxima ten nome e apelidos: Alberto Núñez Feijóo. Foi incapaz de liderar a defensa do aforro galego. Entregouno en bandexa de prata á banca privada. Permitted que se valeirase de contido o Estatuto de Autonomía (sen caixa, que instrumento financeiro vai ter Galiza?). E aínda por riba aplaude entusiasta. Imposíbel ser menos digno de ocupar a presidencia do Goberno deste País.



Guillermo Leva meses advertindo sobre a ameaza da bancarización

Por unha CRTVG desgubernamentalizada e galega

O BNG non quixo perder a oportunidade de defender no Parlamento galego que os medios de titularidade pública -a televisión e a radio de Galiza- deben ser públicos, pero non gubernamentais, e deben ser verdadeiramente galegos, isto é, deben reflectir a realidade plural de Galiza e seren instrumentos de normalización da nosa lingua. Esas eran e son as liñas vermellas do BNG no debate sobre a reforma da lei da CRTVG. PP e PSOE optaron, pola súa parte, por selaren un falso consenso a dous e por pactaren unha reforma da CRTVG con contidos francamente insuficientes: non só non desgubernamentaliza, senón que suxeita máis

a xestión da CRTVG ao Goberno galego, e desde logo nin normaliza o galego nin blinda os medios públicos ante calquera tentación privatizadora.

FORTÍSIMAS PRESIÓNS AO BNG

É curioso o estado de nervos en que entraron PP e PSOE ao veren que o BNG mantiña as súas liñas vermellas e se inclinaba por presentar unha proposición de lei propia para a reforma da CRTVG servir para algo. O BNG recibiu fortísimas presións para se sumar a ese falso consenso. O acordo nunca debe ser un fin en si mesmo, mais si un medio para alcan-

zar obxectivos. "Mantemos a porta aberta a negociar no trámite parlamentario, pero sempre desde a defensa duns postulados mínimos", explicou Ana Pontón. En realidade, coa proposta do PP e PSOE a televisión e a radio serían máis gubernamentais ao establecerse unha vinculación total dos medios públicos co Goberno galego através do Contrato Programa que irían asinar. A proposta do PP e do PSOE non fecha tampouco a billa para unha futura privatización e desde logo non contempla ningún mecanismo que faga da CRTVG unha alavanca para a normalización da lingua galega.

O Consello Nacional convoca Asemblea para os días 22 e 23 de Outubro

Na súa reunión do sábado 2 de Xullo, o Consello Nacional aprobou a convocatoria da XIII Asemblea Nacional Ordinaria do BNG para os días 22 e 23 de Outubro. O máximo órgano do BNG entre asembleas deulle luz verde ao regulamento que irá rexer esta

Presidencia da Xunta nas eleccións galegas previstas para Marzo de 2013. Acordouse tamén que durante o mes de Xullo se celebrarán nas distintas as-

O Consello Nacional aprobou aínda o Informe político da Executiva no que se analiza a situación que atravesamos o País, claramente marcada pola crise e pola

“**É preciso aprofundarmos na democracia e irmos claramente a un marco de autogoberno real, dixo Guillermo**”

Asemblea Nacional, que se celebrará baixo a fórmula de “un/unha delegado/a por cada un/unha afiliado/a”, indicou en rolda de prensa o portavoz nacional, Guillermo Vázquez. O Consello Nacional tomou asemade o acordo de que na súa próxima reunión, prevista para o 17 de Setembro, se aprobará o procedemento e calendario para a elección do/a candidato/a do BNG á



Carlos Aymerich, Teresa Táboas, Guillermo Vázquez, Montse Prado e Francisco Jorquera

embaixadas comarcais do BNG un “debate preasamblear de carácter deliberativo”, informou Guillermo na súa comparecencia ante os medios.

falta de alternativas dos Gobernos galego e estatal. No documento apóstase por máis democracia, máis autogoberno e un cambio profundo das políticas económicas.

MÁIS DEMOCRACIA MÁIS AUTOGOBERNO

“Para comezarmos a superar a crise nun sentido positivo para as maiorías sociais e para Galiza como país, é preciso aprofundarmos na Democracia, irmos claramente a un marco de autogoberno real -isto é, termos soberanía e conquistarmos políticas económicas que supoñan un cambio profundo, diríamos radical, a respecto das que se veñen aplicando por parte dos gobernos galego e do Estado”, esclareceu na súa intervención ante os medios o portavoz nacional. Non por acaso o lema co que o BNG convoca o Día da Patria Galega 2011 é precisamente “Estamos con Galiza, a favor do pobo. Soberanía, Democracia e Tráballo”.



O Consello Nacional deu luz verde ao regulamento que irá rexer a Asemblea

Jorquera reprocha a Zapatero a súa entrega a un Pacto do Euro contrario aos intereses da maioría social

Falou o BNG e entón apareceu Galiza no debate

Nun debate de política xeral marcado por un inequívoco ar de final de etapa, o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Jorquera, fixo balanço da lexislatura. Criticou os regresivos axustes realizados desde maio de 2010 e describiu o estado actual de Galiza, onde o número de desocupados se aproxima xa ao de traballadores en activo. Precisamente relacionou moitos dos problemas económicos de Galiza cunha orixe política e por iso pediu un reforzamento do autogoberno e o desbloqueo do traspaso de competencias. Galiza non apareceu no debate até que Jorquera tomou a palabra na tribuna.

UNHA BRINCADEIRA CON RAJOY

Anecdoticamente, cando chegou a quenda do portavoz nacionalista o señor Rajoy non se atopaba presente na cámara, o que deu pé a unha brincadeira. “Bos días, señor presidente, bos

días señor xefe da oposi...oh, desculpe, pensei que estaba”, ironizou Jorquera, o que provocou gargalladas nas bancadas e tal torrente de tuits que durante uns minutos Jorquera foi *trending topic* na rede social twitter.

No contexto global, o portavoz nacionalista falou da distancia existente entre o pobo e os seus representantes que se debe salvar co abandono das políticas anti-sociais como a reforma laboral, o recorte das pensións, as rebaixas na negociación colectiva ou a negativa á reforma hipotecaria. Jorquera pediu a Zapatero un “cambio de rumbo que implica escoitar á cidadanía e pór freo ao catálogo de reformas antisociais que só sirven para facerlle o traballo á dereita e pórle a alfombra azul nas vindeiras eleccións”.

O portavoz nacionalista reprochou a ortodoxia do guión do Pacto do Euro, que “vostés persistan en aplicar as recetas dun modelo fracasado” e insistan

en adoptar as “sacrosantas medidas do FMI que fundiron no pozo a América Latina nos anos 80 e 90”. Puxo en evi-



Francisco Jorquera, fotografado após a súa intervención

dencia a ineficacia deste tipo de políticas que non levan á recuperación pero si a máis paro, á perda de máis poder adquisitivo, á redución do investimento social e produtivo, e a rematar co Estado de Benestar. E reprochoulle a falla de regulación do sistema financeiro.

En defensa do ensino

O Bloque Nacionalista Galego respaldou activamente as distintas mobilizacións que a comunidade educativa galega, o sindicalismo nacionalista e as ANPAS, teñen realizado en Galiza nas últimas semanas en protesta contra as constantes agresións do Goberno galego do PP ao ensino público. O 28 de Xuño, o portavoz nacional, Guillherme Vázquez, estivo na multitudinaria

manifestación convocada contra as políticas de recortes sistemáticos do ensino público practicadas pola Xunta. “Ante estas políticas, hai que saír á rúa e expresar con determinación que non imos tolerar que se ataque o ensino público, un pear básico para calquera democracia avanzada”, afirma Guillerm-



As resolucións do BNG aprobadas

No marco do Debate de Política Xeral o BNG logrou a aprobación de boa parte das súas resolucións.

Deputacións e autogoberno

Pídese ao Goberno adecuar as funcións das Deputacións provinciais á realidade do estado autonómico. Executar o traspaso de transferencias pendentes e avanzar noutras como a transferencia da xestión da AP-9 e AP-53, as liñas ferroviarias en desuso e as interiores para a conformación da rede de cercanías.

A conserva, o leite e o naval

A seguinte resolución do BNG aprobada demanda que o Goberno defenda na UE a eliminación dos privilexios arancelarios dos que goza a conserva procedente de Papúa-Nueva Guinea e que constitúen un agravio para a industria conserveira galega. Emprázase ao Executivo a garantir a efectiva aplicación dos contratos homologados no sector do leite e medidas para asegurar a carga de traballo nos estaleiros da Ría de Ferrol.

Propostas sociais

Ademais o BNG transaccionou un acordo en materia social para que na constitución das hipotecas se contemple que a obriga garantida é só sobre o ben hipotecado, para que se asegure un financiamento suficiente ás CC.AA para manter a cobertura sanitaria e educativa e para que se garanta unha dotación suficiente de bolsas de estudo. Demándase o mantemento dos programas de recualificación profesional para as persoas que esgoten a súa prestación ou subsidio por desemprego.

Acto de celebración do 75 aniversario do Estatuto de Autonomía de 1936

Guillermo pide “devolver a soberanía ao pobo galego” para facer verdade a Democracia

Hai 75 anos, o nacionalismo galego foi a forza política e social decisiva para que Galiza se dotase dun Estatuto de Autonomía que a aquela altura a equiparaba a Catalunya e Euskadi. Sen o talento político, o tesón e a capacidade de mobilización social do Partido Galeguista de Castelao e Bóveda, Galiza non tería dado un paso ao fronte nas súas arelas nacionais nun contexto de profundísima crise económica -paralela

á de agora- e coa ameaza do fascismo no horizonte, como infelizmente se acabaría por verificar co golpe de Estado de 18 de Xullo de 1936. Hai 75 anos, só as gadoupas fascistas puideron fanar a masiva vontade do pobo galego que o 28 de Xuño votou abrumadamente a favor do autogoberno e, portanto, en contra da secular opresión centralista (993.351 galegas e galegos a favor; só 6.161 en contra).

O BNG quixo celebrar solemnemente o 75 aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía e fíxoo cun acto en Alameda de Santiago, perante o monumento a Rosalía de Castro. Nel Guillermo puxo en destaque que 75 anos despois o nacionalismo galego -daquela o Partido Galeguista, hoxe o BNG- continúa a ser o único depositario do proxecto nacional de Galiza, “un proxecto que ten unha enorme ambición e que non se pon máis límite que o da vontade das galegas e dos galegos”. Esclareceu Guillermo que o nacionalismo galego é hoxe “Democracia, Autogoberno e Esquerda” e que a Democracia en Galiza “para ser real, debe ser o poder do pobo galego para decidir libremente o seu futuro”. “O proxecto do nacionalismo é, portanto, devolver a soberanía en Galiza ao pobo galego”, afirmou Guillermo, para quen “unha Galiza politicamente dependente non ten máis futuro que continuar o seu devalo cara á irrelevancia política, económica e demográfica”.

Guillermo, durante a súa intervención



“A saída da crise pasa por deixar atrás o actual marco político e por rachar co neoliberalismo”

O portavoz nacional do BNG defendeu que “a saída da crise en Galiza pasar por rachar coas políticas neoliberais e facelo dende un poder político reforzado”. “Dito doutro xeito: precisamos deixar atrás o actual marco político e irmos cara á un Novo Estatuto de Nación para Galiza”, subliñou.

“A necesidade de máis poder político para as institucións galegas -explicou o portavoz nacional do BNG- non só servirá para defender a nosa identidade, senón tamén para desenvolver as nosas potencialidades e os nosos sectores produtivos e para asegurármonos de que a saída á crise se produza dende a xustiza social e non dende a derrota da maioría ante a minoría”.

Guillermo rematou lembrando que “como dixo Castelao nun debate habido nas Cortes republicanas no exilio, ese é un dereito gañado por Galiza”.



Guillermo sorri ante unha figura de Castelao

Baixo o disfraz da falsa austeridade, a dereita española continúa o seu programa de recortes sistemáticos

O BNG desvela a axenda oculta do PP

Chama a atención, precisamente porque ninguén repara na gravidade do asunto, que politólogos, tertulianos e poderes fácticos anden a desfollar a margarida sobre a conveniencia ou non dun adianto electoral sempre baixo o argumento de quen asume o “marrón” de acometer o “esfuerzo social e colectivo”, como dixo Zapatero no seu último Debate de Política Xeral, que aínda fica pendente para ver algo de luz ao final do túnel desta crise que semella acabará sendo crónica. Asumimos, temos xa tan interiorizada a política de recortes como algo que non se pode cuestionar, e perante o que non hai alternativas, que a única preocupación de politólogos, tertulianos e poderes fácticos é a quen lle interesa ou prexudica máis liderar un novo ataque aos dereitos máis elementais dos cidadáns, ao seu benestar e á súa dignidade, incluso.

BOTÍN, O VENCEDOR DA CRISE

As grandes empresas emiten comunicados de prensa gabándose dos seus beneficios mentres, ao tempo, queren endosar aos seus comités de empresa recortes drásticos do cadro de persoal ou das súas condicións laborais non se sabe moi ben en fun-

ción de que criterios. Botín, que xa sen abochornarse reconece que é o vencedor da crise, está agora incurso nun presunto delito financeiro e aquí non pasa nada. O conselleiro de Política Territorial do goberno Feijóo declara que hai que recortar o gasto social para investir en obras e resulta que o presidente da Xunta



Carlos Aymerich, durante un debate parlamentario

é o “alumno aventaxado” da falsa austeridade, cunha Lei de teito de gasto que o único que fai é consolidar, independentemente de tempos de crise o bonanza, as rebaixas en investimento social, en servizos públicos e universais. O período de sesións do Parlamento Galego remata con estes “logros”. O portavoz do

grupo parlamentario, Carlos Aymerich, cada quince días, na sesión de control desvela boa parte da axenda cada vez menos oculta do Partido Popular. Así, logo do 22M -e lembremos que o BNG anunciou en campaña que despois das eleccións o PP aplicaríase o seu programa oculto- o PP desenvolve novos ataques: privatización de

llos novos centros de día coa licitación só da metade das prazas; incremento nun 27 por cento da matrícula nas escolas infantís; rebaixa dun 10 por cento nas axudas aos libros de texto; requerimentos ilegais aos concellos reclamando cantidades abusivas pola xestión de centros dependentes do Consorcio, etc.

En defensa do emprego

Moitos simpatizantes e militantes do BNG tomaron parte na Marcha Galega polo Emprego que, convocada pola CIG, partiu de distintas cidades do País o 30 de Xuño para confluír o 3 de Xullo nunha manifestación nacional en Santiago de Compostela. Nela estivo presente Guillermo, quen, nun encontro cos meios, afirmou que

“para acabar co paro, hai que rematar primeiro coas políticas antisociais que practican quer o Goberno do Estado do PSOE quer o Goberno galego do PP”. O portavoz nacional encabezou unha delegación nacionalista formada por membros da Executiva nacional, deputados e deputadas e demais representantes institucionais e orgánicos.

Chegar a fin de mes sen comer

O voceiro parlamentario do BNG, Carlos Aymerich, advirte que as novas andanadas do PP contra o Estado do Benestar só son un aperitivo do que nos agarda e fai unha chamada de atención, pois non se pode presumir de ser os primeiros da clase porque cumprimos co déficit e ao tempo afirmar irresponsablemente que é posíbel, por exemplo, que non haxa cartos para a sanidade pública até finais de ano. “Señor Feijóo, esta política é como a desa familia que di que chega a fin de mes pero a base de non comer. E home, claro, chegar, chega, pero obviamente con carencias nutricionais graves e cecais irreparábeis para o seu estado de saúde”, ilustrou graficamente Aymerich, para quen é tempo de “outras prioridades” e “outras políticas”



a entrevista

que non lle
 chegar un
 concepto de
 tempo
 illi



Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra

“A clave é ter un proxecto claro e contar coa xente”

O BNG revalidou a Alcaldía de Pontevedra cun incremento de apoio cidadán moi significativo (4 concelleiras e concelleiros e 11 puntos porcentuais máis que en 2007) tendo en conta, ademais, que a formación nacionalista goberna a cidade desde 1999. Nesta entrevista, Miguel Anxo Fernández Lores, reelito alcalde, conversa co *Benegá ao Día* e dáns algunhas das chaves do sucesos.

É o seu cuarto mandato á fronte da alcaldía de Pontevedra, e desta vez cun importante incremento do apoio cidadán ao BNG. Cal é a chave do éxito?

Ten que ver coa existencia dun proxecto de cidade que a transformou nos últimos anos e que é percibido por unha grande maioría da cidadanía como un modelo alternativo, de recuperación da cidade para os cidadáns e que fai que Pontevedra sexa unha urbe que medra, que ten unha alta calidade de vida.

Ser alcalde da cidade máis grande que goberna o BNG en Galiza é un orgullo pero tamén debe ser unha responsabilidade...

Efectivamente. Creo ademais que este modelo de cidade que estamos a desenvolver en Pontevedra é inevitábel no futuro. As cidades, se queren ser habitábeis, seguras e con calidade de vida, precisan medidas como a restrición do tráfico do vehículo privado dentro do centro urbano e potenciar modelos de desprazamentos alternativos, maioritariamente peonís; teñen que ser cidades compactas; con multiplicidade de usos, de xeito que os cidadáns podan vivir e gozar nos espazos públicos.

Dada a súa experiencia, que suxestións faría cara a mellorar a mensaxe do BNG ao electorado urbano en Galiza nas eleccións municipais?

Definir claramente o que se quere, o proxecto de concello ou de cidade, contar coa participación de todo o mundo, en especial dos sectores sociais máis dinámicos, e tentar facer dese

proxecto que sexa asumido pola maior parte da cidadanía. Nós falamos de que Pontevedra é un proxecto asumido por todos e todas.

Como valora o pacto de goberno co PSOE?

Acabamos de asinar un pacto que considero equilibrado e satisfactorio. Valoro moi positivamente os gobernos de coalición porque tes obriga de aquilatar as cousas, de chegar a consensos e acordos.

Cales son os principais retos que se marca neste mandato?

Intentar facer os maiores investimentos posíbeis, inxectando diñeiro na economía do concello de maneira que diminúan as dificultades que están a pasar moitas familias. Ao mesmo tempo queremos continuar coa execución

parroquias e barrios periféricos para trasladar alí tamén os elementos de calidade de vida que xa existen no casco urbano.

ENCE fóra da Ría é moito máis que un slogan en Pontevedra. Desta vez conseguírase o traslado da celulosa?

Non imos consentir que se manteña máis alá do 2018 e cremos que neste momento hai motivos máis que suficientes para que a Xunta non conceda as autorizacións ambientais integradas a ENCE e a ELNOSA, necesarias para a súa actividade, o que obrigaría á empresa a mover ficha.

Como habería que operar para racionalizarmos o mapa administrativo local?

Son partidario de remodelar o mapa



Lores, nun momento da conversa

de moitas infraestruturas que neste momento están en marcha. Será fundamental tamén a participación cidadá: dedicaremos 6 ou 7 concelleiros ao contacto cos cidadáns, para priorizar e executar as actuacións tendo en conta a opinión dos cidadáns. Este tamén vai ser o mandato do rural. Queremos facer actuacións nas

administrativo porque hai demasiadas administracións. Considero necesaria a claridade nas competencias de cada administración, a supresión das deputacións e, en todo caso, a dotación de competencias e orzamentos para que certas competencias que os concellos non podan exercer individualmente se poidan exercer através das comarcas, áreas metropolitanas e urbanas.

O BNG accede a 30 Alcaldías, 11 delas por maioría absoluta

Após as eleccións municipais do 22 de Maio, o Bloque Nacionalista Galego accedeu a un total de 30 Alcaldías, 11 delas por maioría absoluta. As maiorías absolutas do BNG, catro máis que en 2007, son: San Sadurniño, Tomiño, Teo, Allariz, Ribadeo, Bueu, Manzaneda, Vilar de Santos, Castrelo de Miño, A Bola e Zas. As maiorías relativas: Pontevedra, Carballo, Arzúa, Cariño, Vimianzo, Monforte, A Pobra de Brollón, Maceda, Poio, Mugarbos, Pontecesures, Carnota, Rianxo, Mondoñedo, Riotorto, Salceda de Caselas, A Mezquita, Arbo e Santiso (neste concello o BNG terá a alcaldía dentro de 2 anos). A nivel nacional, o BNG obtivo 261.513 votos (o 16,50 por cento), o que se traduciu nun total de 590 concelleiros.

A Contracapa

Unha das citas clave do verán galego chega a súa décima edición

De cando o Festigal se escribe con “X”

Dez edicións son abondo para que o que naceu como un fermoso soño, un proxecto cultural ambicioso, se teña consolidado como cita obrigada nos veráns galegos. O Festigal (ou FeXtigal, como figura no cartaz deste ano, en alusión ao número de edición) non defraudará e traerá de novo ao campus Sur –días 24 e 25 de Xullo- compostelán 48 horas de “festa rachada”.

Cartaz da X edición do Festigal



E é que se se bota a vista atrás é fácil comprobar como este gran evento supuxo unha moi boa oportunidade para o coñecemento e difusión da cultura da nosa nación e para dar a coñecer diversas iniciativas. Mercedes Peón, Berrogüetto, Uxía Senlle, Susana Seivane, Manuel Rivas, Xosé Chao Rego ou Marilar Aleixandre son só unha mostra dos nomes que protagonizaron a programación das anteriores edicións. Nas carpas instaladas no campus Sur déronse a coñecer iniciativas como Ponte nas Ondas: a candidatura do patrimonio inmaterial galegoportugués, a Central Folque ou a campaña a prol do dominio galego Punto.gal.

GUÍA BÁSICA PARA SOBREVIVIR AO FESTIGAL

Nas galerías das letras da presente edición do Festigal, presentaranse os libros *O mundo secreto de Basilius Hoffman*, de Fernando Cimadevila, *Poemas no faiado. Antoloxía de Poesía lusófona para crianzas, VVAA*; *Cartas do cárcere* de Antonio Grmsci, *Amigos e sodomitas*, de Carlos Callón; *Ecolingüística, entre a ciencia e a ética*, de Teresa Moure; *Biblioteca H.P. Lovecraft*; *Todas as mulleres que fun*, de Andrea Nunes; *In vino veritas*, de Francisco Castro; *Ártico 2.0*, de Xavier Queipo, *Rosalía, estranxeira na súa patria*, de Francisco Rodríguez; *Cociñando ao pé da letra*, de Yolanda Castaño e Andrea Costas e *Falar con jeito*, de Fernando Corredoira.

Haberá tempo para o debate sobre as nacións contra a involución do Estado e para a presentación das testemuñas directas dos galeg@s na Flotilla da Liberdade rumbo a Gaza. Café concerto, debates, galería das letras, coa presentación de libros e a presenza de editoriais, xogos e animación para nenos e nenas, tendas, artesanía, feira das asociacións, zona de xantar... O Festigal dura 48 horas, mais as súas noites son eternas. Grupos galegos e portugueses compoñen o cartaz deste ano nunha combinación de diversos estilos. O día 24 serán Loretta Martin, Ultràqüans, Deolinda e Dios ke te crew. Xa o luns, 25 de xullo, a partir das nove da noite, soarán os ritmos de Orquestra Os Modernos, Os Carunchos e Cé orquestra Pantasma.

Deolinda é hoxe un auténtico fenómeno de masas en Portugal



Que mundo tão parvo

Sou da geração “vou queixar-me pra quê?” Há alguém bem pior do que eu na TV Que parva que eu sou. Sou da geração “eu já não posso mais!” Que esta situação dura há tempo demais. E parva não sou. E fico a pensar, Que mundo tão parvo. Onde para ser escravo é preciso estudar. Con letras coma ésta, era cuestión de tempo que o grupo Deolinda e o seu

“fado para bailar” se convertise nun auténtico fenómeno social e musical. No día 4 de febreiro, un grupo de portugueses conversaba nun café de Lisboa sobre a vida dos mozos e mozas des-empregados ou con emprego precario. Um mes e medio depois (12 de marzo), unha manifestación convocada por eles reuniu a 200 mil persoas nas rúas de

Lisboa e outras 300 mil espalladas polo país. Cando menos ésta é unha das versións que se contan do acontecido. O que se sabe de certo é que a música de Deolinda foi a súa inspiración, a súa banda sonora, razón máis que suficiente para se achegar o día 24 a Compostela e vermos ao vivo a un grupo que coa súa música retrata a nosa época.

BE-NE-GÁ ao día

Edita: Secretaría de Comunicación

Redacción: Eva Lema, Rebeca Romero, Sonia Hermida, Xosé Mexuto, David González, Amanda Álvarez

www.bng-galiza.org

facebook.com/bloquenacionalistagalego

twitter.com/obloque

